



ser operado por modelos de aviones que actualmente operan en Galicia, como Trust Comander 710, Air Tractor T-802 e incluso Canadair CL-415, y por helicópteros Kamov y Bella 412.

El firme de la plataforma de aterrizaje estará formada por 15 cm de zahorra artificial, riego de imprimación, una primera capa de mezcla bituminosa en caliente formada por 5 cm de AC 16 SURF D, riego de adherencia y capa de rodadura formada por 5 cm de AC 16 SURF S.

Afecciones en zona de policía de cauces:

De las obras de construcción de la plataforma de la pista de vuelo de la base de medios aéreos transfronteriza, una parte de las obras se ubican en zona de policía de cauces, con una extensión superficial total en zona de policía de 48.591 m². Repartidas en dos zonas de actuación, situadas en los términos municipales de Verín y Oimbra (Ourense), de la siguiente forma:

- Río Támega (masa de agua Du-224) en su margen izquierda, en una superficie afectada de 14.874 m². En las coordenadas UTM- ETRS89 Huso 29 X: 630.492; Y: 4.633.259.

- Regueiro das Videiras (Id-1802974) en ambas márgenes, en una superficie afectada de 33.717 m². En las coordenadas UTM- ETRS89 Huso 29 X: 630.699; Y: 4.632.908.

Movimiento de tierras:

En la zona de policía del río Támega, en la intersección con la plataforma, entre el p.k. 0+534 y el 0+860, se realizará un terraplén de 50.281 m³, no siendo necesario realizar desmonte en esta zona.

En la zona de policía del Regueiro das Videiras, en la intersección con la plataforma, entre el p.k. 0+154 y el 0+357, se realizará un desmonte de 18.140 m³ y un terraplén de 35.129 m³.

Cerramiento:

La parcela se cierra sobre postes de acero de 1,75 m de altura, con malla de simple torsión de 1,5 m de altura.

Afecciones en zona de dominio público hidráulico:

En la cabecera sur, la pista del aeródromo pasa por encima del cauce Regueiro das Videiras. Se proyecta el soterramiento del citado arroyo con una obra de drenaje transversal construida con marcos prefabricados de hormigón de 3 x 2 m (ancho por alto), en módulos de 2 m de largo y 90 m de longitud total. Se instalarán tanto en la entrada como en la salida del soterramiento unas aletas de emboquille de perpiño.

Las obras se sitúan entre las coordenadas UTM- ETRS89 Huso 29, inicio: X: 630.638,402; Y: 4.632.861,613, fin: X: 630.711,354; Y: 4.632.907,153. En el término municipal de Verín (Ourense).

Lo que se hace público, en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 52 y 53 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico, aprobado por RD 849/1986, de 11 de abril, a fin de que en el plazo de un (1) mes, contado a partir del día siguiente a la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense, puedan presentar reclamaciones los que se consideren afectados, ante esta Confederación Hidrográfica del Duero, c/ Muro, 5, Valladolid, donde se halla de manifiesto la documentación técnica del expediente de referencia O-1514/2021, o ante el registro de cualquier órgano administrativo y demás lugares previstos en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas (BOE nº 236, de 2 de octubre de 2015).

Quien desee examinar la documentación técnica del expediente deberá remitir antes de la finalización de dicho plazo, una petición expresa a la Confederación Hidrográfica del Duero presentada a través del Registro Electrónico Común (REC). En el caso de personas físicas, podrán optar por presentar la soli-

cidad directamente en el Registro de esta Confederación Hidrográfica, así como en el registro de cualquier otro órgano administrativo y demás lugares previstos en el artículo 16 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. En el asunto se deberá indicar "Solicitud acceso a la documentación en fase de información pública" y la referencia del expediente en información pública a cuya documentación técnica se quiere acceder. En el cuerpo del texto deberá indicar su nombre y apellidos, DNI, dirección de notificación, correo electrónico y la forma preferente por la que quiera acceder a la documentación (presencial o en soporte electrónico). En caso de optarse por la vía presencial, el expediente podrá ser consultado previa cita en la oficina de la Confederación Hidrográfica del Duero en c/ Muro, 5, de Valladolid. De optarse por el acceso en soporte electrónico, a la dirección de correo electrónico indicada le llegará un aviso informándole de la puesta a disposición de la documentación en soporte electrónico en su carpeta ciudadano, a la que podrá acceder previa identificación para su consulta.

El técnico. Fdo.: José Celestino Fidalgo.

Documento firmado electrónicamente.

R. 3.150

IV. ENTIDADES LOCAIS

IV. ENTIDADES LOCALES

Barbadás

Por Resolución da Alcaldía, do día 10 de decembro de 2021, aprobáronse as bases reguladoras de creación dunha bolsa de traballo para a contratación dun/dunha asesor/a xurídico como persoal laboral temporal para o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Barbadás. Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de dez días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Xúntanse as bases que rexerán a convocatoria:

Bases reguladoras de creación dunha bolsa de emprego para a contratación dun/dunha asesor/a xurídico/a como persoal laboral temporal para o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Barbadás

Exposición de motivos

O Concello de Barbadás, dentro do seu normal funcionamento, atópase de maneira conxuntural e temporal en situacións nas que se fai preciso, ben por substitución de empregados municipais (por atoparse de baixa por incapacidade temporal, permisos con dereito a reserva de posto.. etc.) ou por reforzo temporal do cadro de persoal municipal (por circunstancias temporais e imprevistas do emprego ou proxectos e actuacións puntuais e extraordinarias) a contratación de persoal.

A constitución desta bolsa de candidatos ten por finalidade establecer un procedemento áxil para a inmediata posta a disposición deste concello, para eventuais contratacións de persoal laboral temporal no posto de asesor/a xurídico/a para o Centro de Información á Muller como consecuencia de necesidades urxentes e inaprazables, nas que deba procederse á cobertura do dito posto para non entorpecer o normal funcionamento do servizo que se considera esencial para o desenvolvemento das competencias propias deste concello.

Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do Concello de Barbadás, para adaptar a cobertura dos postos, de conformidade coa Lei de orzamentos xerais do estado.



I. Disposicións xerais

Base primeira. Obxecto.

1. Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral, con carácter temporal que sexa necesario para cubrir as necesidades de persoal do Concello de Barbadás correspondentes á categoría profesional de asesor/a xurídico/a do CIM a condición de que se requira unha cobertura áxil ou urxente para atender a dita demanda.

2. A través deste proceso selectivo constituirase unha bolsa de emprego para a especialidade sinalada.

3. Fóra daqueles supostos nos que en virtude dunha subvención outorgada para o efecto ou outra normativa de referencia así o estableza, esta bolsa de emprego será a canle única de selección de persoal laboral de carácter temporal dentro do perfil profesional sinalado.

Base segunda. Supostos de aplicación e características do contrato.

As necesidades de persoal de carácter temporal correspondentes á categoría sinalada que poderán ser cubertas mediante un dos candidatos integrados na bolsa de emprego serán aquelas que se produzan como consecuencia dalgúns dos supostos seguintes:

a) Substitución de persoal laboral en situación de incapacidade temporal.

b) Substitución de persoal laboral durante os períodos de descanso por maternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo, risco durante a lactación natural ou suspensión por paternidade.

c) Substitución de persoal laboral en situación de excedencia, comisión de servizos con dereito a reserva de posto ou situación de servizos especiais.

d) Substitución de persoal laboral vítima de violencia de xénero que suspendan o seu contrato de emprego no termos da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

e) Substitución de persoal laboral que accedan á xubilación parcial.

f) Excepcionalmente, para a execución dun programa específico cunha duración inferior a seis meses, a condición de que, debido á súa especialidade ou a outras circunstancias, non sexa posible o seu desenvolvemento con persoal municipal, debendo quedar expresamente xustificado.

g) Excepcionalmente, cando por acumulación de tarefas na actividade normal do servizo así o esixa, cunha duración máxima de seis meses dentro dun período de doce, contados desde o momento no que se produzan as ditas causas.

2. Nos casos aos que se refiren as letras a), b), c) e d) utilízase a modalidade de contratación temporal de interinidade.

Para o suposto ao que se refire a letra e) o contrato temporal utilizado será o de substitución.

Para o suposto ao que se refire a letra f) o contrato temporal utilizado será o de obra ou servizo.

Para o suposto ao que se refire a letra g) o contrato temporal utilizado será o contrato eventual por circunstancias da produción.

3. O contrato temporal realizarase a xornada completa excepto:

a) Que o traballador substituído estivese contratado a tempo parcial.

b) Que se realice para complementar a xornada reducida dos traballadores que exercitaron tal dereito.

c) Que se trate dunha das modalidades recollidas na letra f) e g) do apartado anterior, que poderán realizarse a xornada completa ou parcial.

4. A xornada de emprego a tempo completo establecerase segundo a normativa podendo ser as xornadas de cada traballador continua ou partida en horario de mañá, tarde ou noite, e podéndose fixar xornadas de luns a domingo, segundo as necesidades de cada servizo, sen prexuízo do descanso semanal.

A xornada de emprego a tempo parcial poderá ser continuada ou partida en horario de mañá, de tarde ou noite, e podéndose fixar xornadas de luns a domingo, segundo as necesidades de cada servizo, sen prexuízo do descanso semanal.

5. O contrato de interinidade extinguirase pola reincorporación do traballador ou por finalización da causa que deu lugar á reserva do posto de emprego.

O contrato de substitución ao que se refire a letra e) extinguirase cando o traballador ao que se substitúe alcance a idade establecida no apartado 1 do artigo 166 da Lei xeral da Seguridade Social ou transitoriamente as idades previstas na disposición vixésima da devandita lei.

O contrato de obra ou servizo ao que se refire a letra f) extinguirase por finalización do programa específico, cun prazo máximo de seis meses.

O contrato eventual por circunstancias da produción ao que se refire a letra g) extinguirase no prazo acordado no contrato, cos límites sinalados na devandita letra.

6. As funcións para realizar serán as seguintes:

As funcións do posto de emprego e que deberá realizar a persoa seleccionada serán, entre outras, as seguintes:

a) Información e asesoramento xurídico.

b) Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

c) Calquera outra función que, dentro do seu ámbito de actuación, lle encomende a persoa que exerce a Dirección do CIM.

Estas funcións desenvolveranse en horario e xornada de mañá e/ou tarde, establecéndose esta en función das necesidades do servizo pola concellaría competente en materia de Igualdade e respectando en todo caso, as directrices marcadas no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e a acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento, e adaptaranse aos posibles cambios nestas directrices.

II. Procedemento de selección

Base terceira. Requisitos dos solicitantes.

1. Poderán formar parte do procedemento selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego os solicitantes que reúnan os seguintes requisitos xerais:

a) Ter a nacionalidade española ou reunir as condicións de acceso ao emprego público de nacionais doutros estados establecidos no artigo 57 do texto refundido do Estatuto básico do emprego público e 52 da Lei do emprego público de Galicia.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas ou psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes ás prazas obxecto desta convocatoria.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta para o exercicio de cargos ou empregos públicos, ou en situación de inhabilitación especial para os empregos públicos obxecto da convocatoria.

e) Posuír titulación de grao, o titulación equivalente, en Dereito. No caso de ser un título equivalente deberase achegar a documentación que acredite a equivalencia, ou en de estar



en condicións de obtelo na data en que se termine o prazo de presentación da instancia.

f) Formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero: Contar con formación en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero. A formación acreditarase mediante a xustificación de ter realizado, polo menos, 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades ou en materia de violencia de xénero.

g) Experiencia en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero: mediante a acreditación de ter traballado en entidades públicas ou privadas, ou de ter realizado voluntariado nalgunha das entidades rexistradas no Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia na sección I (entidades de acción voluntaria).

Apartados e), f), g) requiridos ao abeiro do disposto no artigo 10 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

Todos os requisitos e condicións enumerados nos apartados anteriores, deberán reunirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante a vixencia da relación con este concello.

2. De conformidade co establecido no artigo 51.1 da Lei do emprego público de Galicia, para formar parte da listaxe de candidatos será requisito acreditar un coñecemento da lingua galega equivalente ao Celga 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). As persoas que non poidan acreditar documentalmente a posesión deste requisito deberán superar a proba de lingua galega prevista na base sexta.

Base cuarta. Solicitudes e lista de admitidos.

1. No prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia os interesados en participar neste proceso selectivo poderán presentar a solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Barbadás, sen prexuízo do establecido no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Estas bases publicaranse tamén na web e no taboleiro de edictos do concello.

2. A solicitude, asinada pola persoa interesada ou polo seu representante legal, formularase na instancia normalizada que se xunta como anexo I, e acompañarase da seguinte documentación:

a) Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente, copia compulsada ou orixinal.

b) En todo caso, orixinal ou copia compulsada ou resguardo deste da titulación esixido na letra e) da base terceira.

c) Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, comunidades autónomas ou entidades locais e non atoparse inhabilitado para o exercicio da función pública.

d) Relación de méritos que se alegue. Non se valorarán os méritos que non se aleguen.

e) En todo caso, informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, con expresión do grupo de cotización e dos períodos cotizados.

f) No seu caso, para acreditar a experiencia laboral no sector público, será necesario presentar orixinal ou fotocopia compulsada de certificados ou documento que corresponda, segundo proceda, dos servizos prestados, con indicación da especialidade e categoría profesional e data de inicio e finalización.

g) No seu caso, para acreditar a experiencia laboral no sector privado e por conta allea, será necesario presentar ademais orixinais ou fotocopias compulsadas dos contratos de emprego nos que conste a categoría profesional e especialidade dos postos desempeñados. En defecto de contrato, poderá presentarse recibo de nómina ou certificado de empresa. Se existise contradición entre o contrato e o informe de vida laboral en canto á categoría laboral, terase en conta a definición que por este concepto figure no contrato laboral. En caso de omitirse a categoría laboral no contrato terase en conta o grupo de cotización que figure no informe de vida laboral.

A esixencia da documentación recollida neste apartado motívase pola imposibilidade material, no momento actual, de obter os datos correspondentes nas plataformas de intermediación de datos e redes corporativas das administracións públicas.

3. Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias, o órgano competente ditará resolución pola que se aproben as listas provisionais de admitidos e excluídos, que serán publicadas no taboleiro de anuncios deste concello así como na páxina web municipal (www.Barbadás.es), e concederase un prazo de 10 días para a emenda de solicitudes e presentación de reclamacións. Se transcorrese o devandito prazo sen que se formule reclamación ningunha, a lista elevarase a definitiva automaticamente sen necesidade de nova resolución nin publicación. Así mesmo, xunto á publicación das listas provisionais será obxecto de publicación a composición do Tribunal Cualificador nomeado de conformidade coa base quinta, contra cuxos membros se poderá presentar no mesmo prazo de dez días hábiles solicitude de recusación ou abstención. Unha vez finalizado o prazo de dez días para posibles alegacións, procederase á aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo, que será publicada no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal (www.Barbadás.es). Coa dita lista publicarase o día e a hora da realización da proba de coñecemento da lingua galega, se fosea precisa.

Base quinta. Tribunal Cualificador.

1. O Tribunal Cualificador será nomeado mediante decreto da Alcaldía, a súa composición axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, na medida do posible, á paridade entre muller e home, de conformidade co artigo 60 del Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.

2. O órgano de selección estará composto polo presidente e catro vogais, e un secretario.

3. Todos os membros do Tribunal de Selección deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso na praza convocada e deberán de ser funcionarios de carreira que pertencen ao mesmo grupo/subgrupo ou grupos/subgrupos superiores de entre os previstos no artigo 76 del Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, con relación á titulación esixida para a categoría profesional á que se refire o procedemento de selección.

4. A pertenza ao Tribunal Cualificador será sempre a título individual, polo que non poderá ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

5. A Presidencia coordinará a realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates nas votacións co seu voto de



calidade. Todos os membros do Tribunal terán voz e voto. O secretario actuará con voz pero sen voto.

6. Os membros do Tribunal Cualificador deberán de absterse de formar parte deste cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 34/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico del sector público, comunicándollo á Alcaldía. Tampouco poderán ser nomeados membros destes, quen realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal de Selección cando entendan que se dan as circunstancias reguladas no artigo 24 da citada lei.

7. Por solicitude do Tribunal Cualificador poderá disporse a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas. Os devanditos asesores colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto.

8. Cando o número de aspirantes así o aconselle, o Tribunal Cualificador poderá designar colaboradores administrativos, que baixo a supervisión do secretario do Tribunal permitan garantir un áxil e adecuado desenvolvemento do proceso selectivo.

9. O procedemento de actuación do Tribunal axustarase ao disposto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico del sector público.

10. Contra os actos e decisións do Tribunal Cualificador incluídas as peticións para a revisión de cualificacións, así como as que imposibiliten a continuación do procedemento para o interesado ou produzan indefensión e que se baseen en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase interpor polo interesado recurso de alzada ante o alcalde do Concello de Barbadás, de conformidade con lo establecido no artigo 121.1º da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

Base sexta. Procedemento selectivo.

1. O procedemento para a selección dos aspirantes a integrar a bolsa de candidatos será o sistema de concurso de méritos.

2. O concurso consistirá nunha valoración dos méritos alegados, ata un máximo de 10 puntos, referidos á experiencia profesional e á formación dos aspirantes.

3. A experiencia e formación valorada como requisito non se valorará como mérito.

2.1 Experiencia profesional. Máximo de 7 puntos.

Valorarase o desempeño de funcións similares, con igual ou superior nivel á especialidade ofertada, ata un máximo de 7 puntos, en función da seguinte relación:

- Nas administracións públicas ou en empresa privada ou pública: 0,25 puntos por cada mes completo de servizos prestados.

2.2 Pola realización de cursos ou xornadas relacionadas co contido do posto de emprego: máximo de 3 puntos

- Cursos de duración menor a 20 horas: 0,10 puntos por curso.

- Cursos de duración entre 20 e 30 horas: 0,20 puntos por curso.

- Cursos de duración entre 31 e 40 horas: 0,30 puntos por curso.

- Cursos de duración entre 41 e 50 horas: 0,40 puntos por curso.

- Cursos de duración entre 51 e 80 horas: 0,50 puntos por curso.

- Cursos de duración entre 81 e 100 horas: 0,80 puntos por curso.

- Cursos de duración superior a 100 horas: 1 punto por curso.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo en primeiro lugar a favor do aspirante que prestase máis tempo de servizos na Administración local; en segunda do que prestase máis tempo de servizos noutras administracións públicas e en último a favor de quen teña máis idade.

Unha vez realizada a valoración de méritos polo Tribunal, ditarase resolución provisional que será publicada no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal (www.Barbadás.es), indicando a valoración correspondente xunto coa cualificación da proba de coñecemento da lingua galega, se fose o caso. Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días para formular calquera reclamación sobre a puntuación obtida, resoltas as cales, se as houbese, publicarase a orde de cualificación definitiva no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal (www.Barbadás.es).

Utilizarase a lista resultante coa orde de puntuación nela establecido como bolsa de emprego.

Proba de coñecemento da lingua galega.

En aplicación do previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega no nivel Celga 4 ou equivalente, deberán realizar obrigatoriamente unha proba de galego que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, de castelán para o galego, nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, e quedarán excluídos os/as candidatos que non superen a proba.

O día e hora da proba da lingua galega, de ser precisa, publicarase coa listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as. As cualificacións publicaranse xunto coa valoración provisional de méritos.

Para calquera titulación distinta das anteriores estarase ao disposto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis do coñecemento da lingua galega (Celga). DOG núm. 34, 19 de febreiro de 2014.

En caso de empate, a orde establecerase atendendo en primeiro lugar, a favor do aspirante que obtivese máis puntuación na experiencia profesional, se persistise o empate, en favor do que obtivese maior puntuación en cursos de formación, e en último caso, a favor de quen teña máis idade.

Unha vez realizada a valoración de méritos polo Tribunal, ditarase resolución provisional que será publicada no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal (www.Barbadás.es), indicando a valoración correspondente. Os aspirantes disporán dun prazo de 10 días para formular calquera reclamación sobre a puntuación obtida, resoltas as cales, se as houbese, publicarase a orde de cualificación definitiva no taboleiro de anuncios deste concello e na páxina web municipal (www.Barbadás.es).

Utilizarase a lista resultante coa orde de puntuación nela establecida como bolsa de emprego.

IV. Funcionamento da bolsa de emprego

Base sétima. Chamamento para a incorporación dun aspirante.

A mera integración nunha lista non dará lugar á existencia de relación funcional ou laboral ningunha co Concello de Barbadás, senón unicamente ao dereito a ser contratado, e seguindo en todo caso a orde da lista.

- Cando as necesidades do servizo así o requiran e en calquera dos supostos aos que se refire a base primeira, unha vez realizados os trámites previos oportunos, procederase sempre ao chamamento do candidato da bolsa con maior cualificación nesta e por estrita orde nela.



Non obstante, será posible a selección directa dun candidato da bolsa que substitúa a un/unha traballador/a cando o chamamento se produza polo mesmo feito causante e nun prazo menor a un mes entre a finalización da contratación precedente e o novo chamamento.

- Sen prexuízo do establecido para o procedemento de urxencia, na comunicación do chamamento utilizarase calquera procedemento que garanta a constancia escrita, electrónica ou telefónica da súa recepción, tendo en conta as formas de comunicación cuxa preferencia sexa determinada polos candidatos como preferentes.

- O aspirante chamado disporá, como regra xeral, de vinte e catro horas naturais desde a súa recepción ou chamada para aceptar ou rexeitar o chamamento. Cando se efectúe por medios electrónicos, será de aplicación o disposto no artigo 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

En caso de non existir resposta ao aviso, entenderase que se renuncia ao posto e poderase chamar ao seguinte candidato da lista.

Base oitava. Formalización do contrato.

Unha vez obtida a conformidade do interesado/a chamado/a, con carácter previo á formalización do contrato, o interesado/a deberá realizar un exame médico, ou presentar certificado médico, para o que se outorgará un prazo máximo de cinco días hábiles, co fin de acreditar que o aspirante posúe capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da categoría. Entenderase que se posúe a dita capacidade funcional cando non se padeza enfermidade nin se estea afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. O sometemento ao exame médico ou a presentación do certificado, no seu caso, é obrigatorio para o interesado/a, e o seu rexeitamento dará lugar á exclusión das listas.

Nos supostos en que o exame ou certificado médico acredite que o aspirante non posúe capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias da categoría, dítase resolución pola que se declare a imposibilidade de realizar a contratación e a exclusión da lista do dito aspirante (que en todo caso será obxecto de notificación individualizada ao afectado/a).

1. Unha vez efectuado o trámite médico, o órgano competente procederá a ditar resolución na que se dispoña a formalización do contrato, con expresión da categoría profesional, tipo de contrato, porcentaxe de xornada e demais determinacións establecidas pola lexislación laboral.

2. Así mesmo, no expediente tramitado deixarase expresa constancia das variacións producidas na bolsa de emprego.

3. As seccións sindicais con representación no Concello de Barbadás poderán, previa solicitude, acceder á información relativa ao estado das bolsas, sen prexuízo das precaucións que sexan necesarias, de conformidade coa lexislación en materia de protección de datos de carácter persoal.

Base novena. Causas de exclusión da bolsa de emprego.

1. A exclusión dun aspirante da bolsa producirase por algún dos seguintes supostos:

a) Solicitude expresa, na que se fará constar o tempo polo que se solicita a exclusión.

b) Rexeitamento de oferta de emprego adecuada por causa non xustificada.

c) Falta de incorporación ao seu posto de emprego tras a aceptación da oferta por causa non xustificada, excepto o rexeitamento a un chamamento efectuado polo trámite de urxencia.

d) Non superación do período de proba.

e) Por ser sancionado, con carácter firme, por unha falta tipificada como grave ou moi grave.

f) Se tras a finalización dun contrato, o interesado xera dereito a paro.

2. Para estes efectos, enténdese como causa xustificativa do rexeitamento da oferta ou da falta de incorporación por algún dos seguintes motivos:

a) Enfermidade do candidato que lle impida o desempeño do posto de emprego, sempre que sexan debidamente acreditadas mediante certificado médico.

b) Maternidade ou paternidade, dentro do período legalmente establecido para o goce do permiso debido á devandita situación.

c) As contratacións noutra empresa ou o nomeamento na Administración.

d) Alta no réxime de autónomos.

e) Coidado de familiares dependentes, que sexan debidamente acreditadas, anteriores á data na que se realiza a oferta ou se produce a incorporación.

3. A exclusión, segundo o motivo, terá unha duración de:

1. Polo tempo que conste na solicitude se está motivada pola causa 1.a) desta base.

2. Por un ano, se está motivada polas causas 1. b) e 1.c) desta base. Unha vez transcorrido o devandito prazo, o interesado deberá solicitar o reingreso na lista.

3. De maneira definitiva, se está motivada polas causas 1.d) e 1.e) desta base.

4. Por seis meses, se está motivada pola causa 1.f) desta base. Unha vez transcorrido o devandito prazo, o interesado deberá solicitar o reingreso na lista.

A resolución na que se dite a exclusión do/a aspirante expresará o tempo e o motivo da dita exclusión e será notificada ao interesado/a.

Base décima. Vixencia da bolsa.

A bolsa de emprego resultante deste proceso de selección de persoal estará vixente ata a posta en marcha dun novo proceso que a substitúa, a actualice ou a modifique.

Base undécima. Actualización da bolsa.

Anualmente abrírase un período, do día 10 ao 20 de febreiro de cada ano, para a actualización de méritos e a presentación de novas solicitudes, que se publicará na páxina web do concello, no taboleiro de edictos, e na sede electrónica do Concello de Barbadás.

As solicitudes presentadas serán valoradas seguindo o procedemento establecido nestas bases. Os/as solicitantes pasarán a ocupar o lugar que lles corresponda na lista segundo a puntuación obtida.

A nova lista conformada constituirá a bolsa de candidatos.

Disposición final única

Estas bases, a convocatoria e canto actos administrativos dela se deriven, poderán, no seu caso, ser impugnados polos interesados na forma disposta na Lei de procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normas concordantes, os cales serán indicados no momento da publicación ou, no seu caso, notificación deste.

Ao proceso selectivo seralle de aplicación o establecido na Lei 7/1995, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local 781/1986, do 18 de abril; no Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico del empregado público, a Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, procedemento administrativo común das administracións públicas.



Anexo I

Solicitud de participación na creación dunha bolsa de emprego para eventuais contratacións na categoría de asesor/a xurídico para o CIM.

Apelidos, nome:

DNI:

Enderezo:

Teléfono:

Correo electrónico (para os efectos de notificacións):

Unha vez informado/a da convocatoria manifesta:

1. Que desexa participar non procedemento de selección arriba indicado, polo que solicita que sexa admitida esta solicitude e a documentación que se achega coa finalidade de participar no dito procedemento.
2. Non atoparse afectado/a en procedemento administrativo ou xudicial que sexa ou poida ser incompatible co exercicio das súas funcións, así como posuír a capacidade funcional para ou desempeño das tarefas.
3. Que non está incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
4. Que posúe todos os requisitos esixidos nas bases con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias.
5. Que achega orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos (indíquese cun X ou que proceda)

DNI.

Titulación requirida.

Relación de méritos que alega xunto cos orixinais ou copias compulsadas dos documentos xustificativos.

..... de de 2021

Sinatura:

AO ALCALDE DO CONCELLO DE BARBADÁS